



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### E-marketing no sector turístico

Materia	E-marketing no sector turístico		
Código	004G240V01904		
Titulación	Grao en Turismo		
Descriptores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 4
Lingua de impartición	Castelán		Cuadrimestre 1c
Departamento	Organización de empresas e márketing		
Coordinador/a	Mazaira Castro, Andrés		
Profesorado	Mazaira Castro, Andrés		
Correo-e	amazaira@uvigo.es		
Web			
Descripción xeral	A materia trata de achegar ao alumno ás particularidades do desenvolvemento de mercadotecnia en internet en xeral e especificamente as singularidades e potencialidades do ámbito dixital no sector turístico.		

## Competencias

### Código

A1	Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudiantes desenvolvan aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
B3	Capacidade para interpretar críticamente datos e texto
B5	Capacidade de comunicación oral e escrita
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
B10	Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusóns
C6	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos fundamentos do marketing turístico así como obxectivos, estratexias e políticas comerciais
C15	Orientación do servizo ao cliente
D3	Creatividade

## Resultados de aprendizaxe

### Resultados previstos na materia

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

Coñecer e Comprender como a extensión do uso de Internet e da Cultura Dixital está a cambiar, Modelos de Negocios, Estratexias e Procesos no ámbito do Sector Turístico	A1	B1	C6	D3
	A2	B3	C15	
	A3	B5		
	A4	B7		
	A5	B8		
		B9		
		B10		

Comprensión e reformulación da mercadotecnia turística, entendido como cultura de orientación ao mercado, a partir dos principios e valores propios da digitalización de mercados e consumidores	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B8	C6 C15	D3
			B9	
			B10	

## Contidos

Tema

Tema I.- Introdución	1.- Cambios derivados dos novos hábitos Dixitais.
Tema II.- O novo Consumidor; a incidencia de Internet nos Procesos de Compra	1.- O Consumidor Dixital. 2.- A transformación Dixital e O Sector Turístico
Tema III.- O novo Consumidor; a incidencia de Internet nos Procesos de Compra	1.- O Consumidor Dixital. 2.- A transformación Dixital e O Sector Turístico 2.- Ecommerce.
Tema IV.- A incorporación da Cultura Dixital nos procesos de concepción da Mercadotecnia Mix (II)	1. Internet e a Definición e concepción do produto. 2.- Internet e o Prezo 3.- Internet e a Comunicación.
Tema V.- Marketing e Big Data	*
Tema VI.- Funnel Digital y KPI	*

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	9	10	19
Estudo de casos	16	40	56
Presentación	3	10	13
Traballo tutelado	16	45	61
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descripción
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudiante. Recoméndase ao estudiante que traballe previamente o material entregado polo profesor e que se consulte a bibliografía recomendada para completar a información co fin de seguir as explicacións.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudiantes dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto, ....
Traballo tutelado	O estudiante, de maneira individual ou en grupo, debe elaborar un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma ou en grupo do/dos estudiante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballo tutelado	Tempo dedicado polo profesor á atención personalizada do estudiante.

## Avaluación

	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Estudo de casos	Entregaránse casos e exercicios que haberá que resolver	21	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B8	C6 C15	D3
				B9		
				B10		

Presentación	Presentacións na aula e participacións nos debates que xurdan na aula	18	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C6 C15	D3
Traballo tutelado	Traballo a realizar de forma autónoma polo estudiante	21	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C6 C15	D3
Resolución de problemas e/ou exercicios	Preguntas curtas acerca do temario	40	A1 A2 A3 A4 A5	B5		

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Aplicarase un sistema doble de posible avaliación; podendo o alumno optar por aquel que deseñe:

### 1) AVALIACIÓN CONTINUA

Consistirá nunha avaliación durante todo o cuatrimestre, na que se valorará a participación nas clases, o enriquecemento que se faga ao traballo conxunto nas aulas (tanto nas sesión teóricas como nas prácticas), o traballo na resolución de casos prácticos realizado polo alumnos nas clases, os traballos realizados (tanto na aula como fora dela) polos alumnos tanto dun xeito individual como en grupo, así como a presentación dos mesmos.

No caso de que o alumno non poda demostrar que ten adquirido coñecementos suficientes cos traballos realizados ao longo do curso de forma continuada, terá que superar unha proba final que incluirá preguntas Teóricas e/ou de aplicación práctica.

Esta modalidade é aplicable nas convocatorias do mesmo curso académico.

### 2) AVALIACIÓN NON CONTINUA

No caso de que o estudiante non opte pola avaliación continua, este terá que realizar unha proba escrita. Dita proba comporase de duas partes: Teórica ( poderá conter preguntas tipo test e/ou preguntas curtas e de desenvolvemento) Práctica: resolución de preguntas que requiran a aplicación práctica dos coñecementos. Esta proba NON ten porque ser igual a que terán que superar os alumnos que opten pola avaliación continuada,

En segunda convocatoria, manterase o procedemento de avaliación anteriormente descrito.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2020-21

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

### Bibliografía Complementaria

Seybold, Patricia B., **Clientes.com : cómo crear una estrategia de negocios rentable para la Internet y el futuro**,

Varios, **Claves del nuevo marketing : cómo sacarle partido a la web 2.0**, 2009,

Smith, Nick, **The Social media management handbook : everything you need to know to get social media working in yo**, 2011,

Dave Chaffey et al, **Internet Marketing. Strategy Implementation and Practice**, 2009,

Charlesworth, A, **Internet Marketing: A Practical Approach**, 2009,

Ryan, Damian, **Understanding digital marketing : marketing strategies for engaging the digital generation**, 2009,

Gutiérrez Arranza y Sánchez Franco (coord), **Márketing en Internet. Estrategia y empresa.**, 2005,

Weber, Larry, **Everywhere : comprehensive digital business strategy for the social media era**, 2011,

## Recomendacións

## Outros comentarios

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumno na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requerir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Así mesmo, achegarase aos alumnos a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

---

## Plan de Continxencias

### Descripción

#### ==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

#### ==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas, sexan presenciais ou virtuais.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Ningunha.. as que se daban presencialmente realizaranse virtualmente

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Mediante Email, faitic, despacho Virtual, Aplicacións de mensaxería instantánea, Skype, Zoom ou RRSS

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Non

\* Outras modificacións

NON

#### ==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

##### 1.- EVALUACIÓN CONTINUA

Consistirá nunha avaliación durante todo o cuadri mestre, na que se valorará a participación en clases (sexan presenciais ou Virtuais), a resolución de exercicios e traballos en grupo e individuais (durante elas e/ou fora delas)

Aqueles alumnos que realizasen o 100% de actividades avaliaranse en función dos devanditos traballos.

Para aqueles alumnos que non realizasen a totalidade das actividades, realizarase un exame da materia a través de calquera ferramenta de vídeo conferencia daquelas partes non realizadas.

##### 2) AVALIACIÓN NON CONTINUA

- Poderán optar a ela todos os os alumnos non acollidos a modalidade de avaliação continua.

- Realizarase un exame final ou ben escrito en modalidade presencial ou oral no caso que se teña que facer en modalidade virtual, dependendo das indicacións respecto diso do reitorado.

---